



Concello de Viveiro

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA), CON CARÁCTER TEMPORAL, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO.

1.-OBXETO DA CONTRATACIÓN.

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, de 5 traballadores para formar parte do Servizo municipal de obras, revalorización de espazos públicos, durante nove meses a xornada dun 75%, para a realización de obras de interese xeral e utilidade social competencia desta entidade local, vinculados á resolución dictada pola Xefa Territorial, da Consellería de promoción do emprego e igualdade pola que se lle concede ao concello de Viveiro unha subvención de 59466,60€ ao amparo da *ORDE do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR351F).*

2.- CARACTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS.

2.1.- TRABALLADORES DE REVALORIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS.

DENOMINACIÓN: OFICIAIS DE REVALORIZACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS.

NÚMERO DE PRAZAS A CONVOCAR: 5 (cinco)

DURACIÓN DO CONTRATO: 9 MESES

TITULACIÓN ACADÉMICA:

GAP: Non se require titulación académica segundo a Disposición adicional sexta do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e artigo 43 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

TIPO DE CONTRATO: TEMPORAL COAS CLAÚSULAS ESPECÍFICAS DE TRABALLOS DE INTERESE SOCIAL.

XORNADA DE TRABALLO: TRABALLO A QUENDAS, INCLUIDOS SÁBADOS DOMINGOS E FESTIVOS Ó 75% DA XORNADA.

3.-REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Para seren admitidos na convocatoria os aspirantes ademais dos requisitos establecidos nas bases xerais deberán:

- Os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser, en todo caso, persoas perceptoras da Risga e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

Viveiro, á data que consta á marxe

A ALCALDESA

María Loureiro García

(Documento asinado dixitalmente a marxe)

María Loureiro García (1 para 1)
RESOLUCIÓN: A/2024/1022
D.O. SÍMBOLO: 048012024
HASH: 94838358854c86df503b3748f5e6016f

